

“Con data do 30 de agosto de 2011 entrou en vigor o

**“REGULAMENTO DO SERVIZO PUBLICO DE TRANSPORTE DE
VIAXEIROS EN AUTOMÓBILES LIXEIROS DE ALUGUER CON
CONDUTOR (AUTO-TAXI) DO CONCELLO DE SANXENXO”**

é necesaria a celebración duna [proba de aptitude](#) para a obtención do permiso municipal de condutor, que habilite a conducir vehículos auto-taxis cuxa licenza fora outorgada por este Concello Sanxenxo.

RESOLVE:

PRIMEIRO:

Convocar a celebración dunha nova proba de aptitude para a obtención do permiso que faculta para a realización da actividade de condutor de taxi. O lugar e hora da súa celebración faranse públicos, unha vez transcorrido o prazo de presentación de solicitudes, polos medios descritos no apartado terceiro.

SEGUNDO:

As solicitudes de participación na proba axustaranse ao modelo que figura no Anexo I desta resolución.

TERCEIRO:

As solicitudes poderán presentarse no Rexistro de entrada do Concello de Sanxenxo, ou ben, segundo o disposto no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, [no prazo de dez días hábiles contados a partir da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia](#).

A partir deste anuncio os demais que se realicen neste expediente faranse a través de publicación no taboleiro de edictos do concello e na páxina web do concello (www.sanxenxo.es).

CUARTO:

As solicitudes irán acompañadas da seguinte documentación:

- a) Fotocopia do DNI ou documento que o substitúa
- b) Fotocopia do permiso de condución de automóbiles da categoría BTP ou superior, expedido pola Xefatura Provincial de Tráfico.
- c) Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade infectocontaxiosa ou impedimento físico que imposibilite ou dificulte o normal exercicio da profesión.
- d) Declaración xurada de non estar incurso nalguna das causas de incapacidade indicadas neste regulamento.

- e) Dúas fotografías tamaño carné.
- f) No seu caso, documento acreditativo de estar de alta no réxime correspondente da Seguridade Social.

A lista provisional de admitidos será publicada no Taboleiro de editos do concello xunto coa lista de excluídos e os motivos de exclusión. A citada lista quedará elevada a definitiva tras un prazo de subsanación de 5 días que se abrirá tras a publicación da lista provisional.

QUINTO:

As materias que deberán coñecer os aspirantes son os seguintes:

Acreditarase o coñecemento das vías públicas, lugares de interese turístico, locais de esparcemento público, oficinas e demais centros e edificios públicos, monumentos, principais hoteis e itinerarios mais directos para chegar aos puntos de destino.

A proba terá carácter oral.

SEXTO:

Unha vez realizada a proba e puntuada polos tribunal designado, se dará publicidade inmediata dos resultados que serán apto/a ou non apto/a.

OITAVO:

Dese conta desta resolución a "TAXIS ASOCIACIÓN DE AUTOPATRONOS DE PONTEVEDRA Y MUNICIPIOS DE LA PROVINCIA".

ANEXO I

D/a, DNI nº, data de nacemento:, domicilio en, Concello, CP e teléfono:

EXPOÑO:

Que desexo participar na proba de aptitude para a obtención do PERMISO MUNICIPAL DE CONDUTOR/A DE AUTO-TAXI convocada mediante resolución do Concello de Sanxenxo de data, achegando a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do DNI ou documento que o substitúa.
- b) Fotocopia do permiso de condución de automóbiles da categoría BTP ou superior, expedido pola Xefatura Provincial de Tráfico.
- c) Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade infectocontaxiosa ou impedimento físico que imposibilite ou dificulte o normal exercicio da profesión.
- d) Declaración xurada de non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade indicadas neste regulamento.
- e) Dúas fotografías tamaño carné.
- f) No seu caso, documento acreditativo de estar de alta no réxime correspondente da Seguridade Social.

Por todo isto, SOLICITO:

Ser admitido na realización da proba convocada para a obtención do permiso municipal de condutor de auto-taxi no Concello de Sanxenxo.

Sanxenxo, de 2014.